

# MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

**12301** *ORDE ECI/1845/2007, do 19 de xuño, pola que se establecen os elementos dos documentos básicos de avaliación da educación básica regulada pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado. («BOE» 149, do 22-6-2007.)*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 6.2 e en relación cos obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación do currículo, establece que o Goberno fixará os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas, co fin de garantir unha formación común a todo o alumnado e a validez dos títulos correspondentes.

As ensinanzas mínimas correspondentes á educación primaria e educación secundaria obrigatoria foron establecidas, respectivamente, polos reais decretos 1513/2006, do 7 de decembro, e 1631/2006, do 29 de decembro. Estes reais decretos dispoñen que o Ministerio de Educación e Ciencia, logo do informe das comunidades autónomas, determinará os elementos dos documentos básicos de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que sexan precisos para garantir a mobilidade do alumnado.

Unha vez regulado o calendario de implantación da nova ordenación do sistema educativo, procede establecer os documentos básicos que teñen que reflectir as aprendizaxes realizadas polo alumnado e que deben permitir a súa mobilidade dun a outro nivel ou etapa e entre centros escolares da mesma ou de distinta comunidade autónoma, nas debidas condicións de continuidade.

Na súa virtude, logo do informe do Consello Escolar do Estado e consultadas as comunidades autónomas, dispoño:

## Artigo primeiro. *Documentos oficiais de avaliación.*

1. Os documentos oficiais de avaliación na educación primaria e educación secundaria obrigatoria serán os seguintes: o expediente académico, as actas de avaliación, o informe persoal por traslado, o historial académico de educación primaria e o historial académico de educación secundaria obrigatoria.

2. As administracións educativas establecerán os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos nestes e a súa supervisión e custodia.

3. Os documentos oficiais de avaliación serán visados polo director do centro e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Xunto a estas constará o nome e os apelidos do asinante, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente. Estes documentos poderán ser substituídos polos seus equivalentes en soporte informático, segundo estableza a normativa vixente ao respecto.

4. Dos documentos sinalados no punto primeiro considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado os historiais académicos de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria e o informe persoal por traslado.

5. Os documentos básicos de avaliación deberán recoller sempre a norma da Administración educativa que establece o currículo correspondente.

6. Nas comunidades autónomas cuxas linguas teñan estatutariamente atribuído carácter oficial, cando os documentos básicos de avaliación teñan que producir efectos fóra do ámbito da comunidade autónoma, observarase o disposto no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## Artigo segundo. *Resultados da avaliación.*

1. Os resultados da avaliación expresaranse na educación básica nos seguintes termos: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BI), notable (NT), sobresaliente (SB), considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas todas as demais.

2. Na educación secundaria obrigatoria irán acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, aplicándose neste caso as seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Na convocatoria da proba extraordinaria, cando o alumnado non se presente á dita proba, reflectirase como non presentado (NP).

## Artigo terceiro. *Actas de avaliación.*

1. As actas de avaliación expediranse para cada un dos ciclos da educación primaria e para cada un dos cursos da educación secundaria obrigatoria. Comprenderán a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación. Pecharanse ao remate do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria na educación secundaria obrigatoria.

2. As actas de avaliación reflectirán os resultados da avaliación das áreas do ciclo ou das materias, ámbitos ou módulos do curso ou programa, expresados nos termos que establece o artigo segundo desta orde. Así mesmo, na educación secundaria obrigatoria farase constar o número de materias non superadas de cursos anteriores.

3. As actas de avaliación incluírán tamén a decisión sobre a promoción ou a permanencia dun ano máis no ciclo, curso ou programa de acordo coas normas que regulan, para cada etapa, este suposto.

4. Nas actas de avaliación do terceiro ciclo de educación primaria farase constar a proposta de acceso á educación secundaria obrigatoria para o alumnado que reúna as condicións establecidas no artigo 10.4 do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria.

5. Na educación secundaria obrigatoria expediranse actas de avaliación de materias pendentes por cursos, ao remate do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria.

6. No cuarto curso de educación secundaria obrigatoria e, de ser o caso, ao finalizar os módulos conducentes a título dos programas de cualificación profesional inicial, as actas de avaliación recollerán a proposta de expedición do título de graduado/graduada en educación secundaria obrigatoria para o alumnado que cumpra os requisitos establecidos para a súa obtención.

7. As actas de avaliación serán asinadas polo titor do grupo na educación primaria e por todo o profesorado na educación secundaria obrigatoria.

rado do grupo na educación secundaria obrigatoria e nos programas de cualificación profesional inicial. En todas as actas de avaliación farase constar o visto e praxe do director do centro.

Artigo cuarto. *Expediente académico.*

1. O expediente académico do alumnado deberá incluír os datos de identificación do centro e do alumno ou da alumna e a información relativa ao proceso de avaliación.

2. No expediente académico quedará constancia dos resultados da avaliación, das propostas de promoción e titulación e, de ser o caso, das medidas de atención á diversidade adoptadas, das adaptacións curriculares significativas, da entrega do certificado de escolaridade a que se refire o artigo 15.6 do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, e do certificado académico, expedido polas administracións educativas, dos módulos obrigatorios superados nun programa de cualificación profesional inicial a que se refire o artigo 30.4 da Lei orgánica 2/2006 de educación.

3. A custodia e arquivo dos expedientes académicos correspóndelles aos centros escolares e, de ser o caso, a súa centralización electrónica realizarase de acordo co procedemento que determinen as diferentes administracións educativas, sen que supoña unha subrogación das facultades inherentes aos ditos centros.

Artigo quinto. *Historial académico de educación primaria.*

1. O historial académico de educación primaria é o documento oficial que reflicte os resultados da avaliación e as decisións relativas ao progreso académico do alumnado ao longo da etapa, e ten valor acreditativo dos estudos realizados. A súa custodia correspóndelle ao centro educativo en que o alumnado se encontre escolarizado.

2. Ao finalizar a etapa, o historial académico de educación primaria entregaráselle ao alumnado e unha copia enviaráselle ao centro de educación secundaria, por petición deste, xunto co informe individualizado a que fai referencia o artigo 12.2 do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria. Estas circunstancias reflectiranse no correspondente expediente académico.

3. No historial académico de educación primaria recolleranse, polo menos, os datos identificativos do alumno, as áreas cursadas en cada un dos anos de escolarización e os resultados da avaliación obtidos en cada ciclo, as decisións sobre promoción ao ciclo seguinte e a data en que se adoptaron, a data da proposta de acceso á educación secundaria obrigatoria, así como a información relativa aos cambios de centro. Deberá figurar, así mesmo, indicación das áreas que se cursaron con adaptacións curriculares significativas.

4. O historial académico de educación primaria será expedido en impreso oficial e levará o visto e praxe do director do centro. As administracións educativas establecerán os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos datos reflectidos no historial académico e a súa custodia.

5. A formalización e custodia do historial académico da educación primaria será supervisada pola Inspección educativa.

Artigo sexto. *Historial académico de educación secundaria obrigatoria.*

1. O historial académico de educación secundaria obrigatoria é o documento oficial que reflicte os resultados da avaliación e as decisións relativas ao progreso académico do alumnado en toda a etapa e ten valor acreditativo dos estudos realizados. A súa custodia correspóndelle ao centro educativo en que o alumnado se encontre escolarizado.

2. O historial académico de educación secundaria obrigatoria entregaráselle ao alumnado ao remate do ensino obrigatorio e, en calquera caso, ao finalizar a súa escolarización no ensino básico en réxime ordinario. Esta circunstancia reflectirase no correspondente expediente académico.

3. No historial académico de educación secundaria obrigatoria recolleranse, polo menos, os datos identificativos do alumno, as materias ou ámbitos cursados en cada un dos anos de escolarización e os resultados da avaliación obtidos, con expresión da convocatoria concreta (ordinaria ou extraordinaria), as decisións sobre a promoción ao curso seguinte e sobre a proposta de expedición do título de graduado/graduada en educación secundaria obrigatoria, xunto coa data en que se adoptaron estas decisións, así como a información relativa aos cambios de centro. Deberá figurar, así mesmo, a indicación das materias que se cursaron con adaptacións curriculares significativas e no caso do alumnado que cursou un programa de cualificación profesional inicial, deberase recoller a información relativa aos módulos que o integran.

4. O historial académico da educación secundaria obrigatoria será expedido en impreso oficial e levará o visto e praxe do director do centro. As administracións educativas establecerán os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos datos reflectidos no historial académico e a súa custodia.

5. A formalización e custodia do historial académico da educación secundaria obrigatoria será supervisada pola Inspección educativa.

Artigo sétimo. *Traslado do historial académico.*

1. Cando o alumno se traslade a outro centro para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitiralle ao de destino, e por petición deste, o historial académico da etapa correspondente e o informe persoal por traslado regulado no artigo oitavo, acreditando que os datos que conteñen concordan co expediente que garda o centro.

2. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico.

3. A matriculación adquirirá carácter definitivo unha vez recibido o historial académico debidamente cuberto.

Artigo oitavo. *Informe persoal por traslado.*

1. Para garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe de quen se traslade a outro centro sen concluír o ciclo na educación primaria ou o curso na educación secundaria obrigatoria, emitirase un informe persoal en que se consignarán os seguintes elementos:

a) Resultados parciais de avaliación, no caso de que se emitisen nese período.

b) Aplicación, de ser o caso, de medidas educativas complementarias de reforzo e apoio, así como as adaptacións curriculares realizadas.

c) Todas aquelas observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral do alumno.

2. O informe persoal por traslado será elaborado e asinado polo titor, co visto e prace do director, a partir dos datos facilitados polos profesores das áreas, materias ou módulos.

Disposición adicional única. *Datos persoais do alumnado.*

No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á cesión destes duns centros a outros e á seguraza e confidencialidade destes, observarase o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición transitoria primeira. *Validez do libro de escolaridade do ensino básico.*

Os libros de escolaridade do ensino básico terán os efectos de acreditación establecidos na lexislación vixente ata a finalización do curso 2006-07. Pecharanse mediante dilixencia oportuna ao finalizar o dito curso e utilizaranse as páxinas restantes. Cando a apertura do historial académico supoña a continuación do anterior libro de escolaridade do ensino básico, reflectirase a serie e o número deste no dito historial académico. Estas circunstancias reflectiranse tamén no correspondente expediente académico.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia normativa.*

1. Ata o remate do ano académico 2006/2007, os elementos básicos de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria regularanse polo establecido na Orde ECD/1923/2003, do 8 de xullo, pola que se establecen os elementos básicos dos documentos de avaliación, das ensinanzas escolares de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos.

2. Ata a finalización do ano académico 2006/2007, os elementos básicos de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado de educación primaria regularanse polo establecido na Orde do 30 de outubro de 1992, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde ECD/1923/2003, do 8 de xullo, pola que se establecen os elementos básicos dos documentos de avaliación das ensinanzas escolares de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda desta orde.

2. Queda derogada a Orde do 30 de outubro de 1992, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de réxime xeral regu-

ladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos, no que se refire á educación básica, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda desta orde.

3. Quedan derogadas as demais disposicións do mesmo ou de inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde, que ten carácter de norma básica, excepto nos artigos primeiro, número 3, terceiro (números 2, 3, 4, 5, 6 e 7), cuarto (números 2 e 3), quinto, número 5, sexto, número 5, e oitavo, número 2, dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución e en virtude do disposto no artigo 12.1 do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria e no artigo 16 do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de xuño de 2007.—A ministra de Educación e Ciencia, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.

## XEFATURA DO ESTADO

**12350** *LEI 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa. («BOE» 150, do 23-6-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Censo da Frota Pesqueira Operativa e o Rexistro de Buques e Empresas Navieiras son os instrumentos por medio dos cales a Administración xeral do Estado rexistra as embarcacións que forman parte da frota pesqueira española, e nos cales constan os datos relativos ás súas características técnicas e estruturais e aos seus armadores e propietarios.

A fiabilidade da información contida neses rexistros é esencial, entre outras razóns, para poder levar a cabo un control exhaustivo e unha constatación precisa do esforzo pesqueiro da frota nacional, exixido pola lexislación comunitaria e nacional contida en diversas normas, entre as cales cabe citar o Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca; o Regulamento (CE) núm. 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, que modifica o Regulamento (CE)